

# A LOS LIBROS Y A LAS MUJERES CANTO

Maria Elorza, 2022

# 1100


ESTREA EN NUMAX: 23.04.2023 | V.O.S.E. | TP | 72 min

Unha muller case foi chamada Avioneta. Outra tivo unha biblioteca no asento traseiro do seu coche. Outra fractura un dedo cos estantes rebeldes da súa librería. As cigarreiras escoitan lecturas mentres traballan. As que pasan o ferro lembran poemas. A todas elas, cántolles.

Contra lume, auga, caruncho, po, ignorancia e fanatismo, un exército anónimo de mulleres coida dos libros. É unha resistencia íntima, sen épica, sen revolución, sen armas.

«O cinema é para Elorza a maneira de recoller a vida, de cristalizar identidades»

Raquel Loredo , CAIMÁN



## Notas da directora

Por Maria Elorza

Poden os libros matar? Hai libros que merecen a fogueira? Por que son as bibliotecas xardíns? Quen son as gardiás das bibliotecas? Que significa cantar ás mulleres e aos libros?

Virxilio, o poeta latino por excelencia, comezaba a *Eneida* declarando que ía cantar “ás armas e ao home”. Co título deste filme queriamos facer unha referencia a ese verso. Porque aínda que as nosas intencións sexan case opostas, tamén nos propoñemos dialogar coa tradición pasada.

Este filme é un retrato de catro personaxes e dos seus libros. Son mulleres que pasaron a vida lendo e estudando, é dicir, coidando dun patrimonio moi valioso. Elas son Tonina, supervivente ao derrubamento da súa propia biblioteca e coleccionista de figuras de Dante; Wal, que de pequena só tivo un receptor e unha biblia, pero agora é especialista en Goethe, do cal fala como se dun vello amigo se tratase; Loreto, que se disfraza dos autores e dos personaxes sobre os que le, e se dedica a recitar as súas pasaxes preferidas; e por último Viki, que durante unha temporada levaba a biblioteca do Partido do Traballo no maleteiro do seu coche e se dedicaba a viaxar pola provincia prestando libros aos obreiros. Cada unha delas exemplifica diferentes concepcións da literatura, pero úneas o feito de que a lectura sempre estivo moi presente e mesturada nas súas vidas.

Retratar esas mulleres significa tamén indagar na natureza das imaxes. E preguntarnos que é unha imaxe literaria, que é unha imaxe cinematográfica e como se pode pasar dunha á outra. É precisamente nesa busca no que se centra a labor cinematográfica e de autoría do filme.

A través de distintas pasaxes, algunhas de entrevistas, outras cunha aproximación ensaística, outras incluso cun ton lírico, quixemos afondar nas imaxes que habitan as vidas das protagonistas. Algunhas posúen un carácter imaxinario e outras unha existencia moi concreta, en forma das figuras que teñen colocadas nos seus estantes xunto os libros, das estampas que colgan nas paredes das súas casas, das ilustracións das páxinas das súas obras predilectas.

Aproximámonos a todo iso desde a experimentación e cun ton lixeiro, fresco, humorístico, en ningún caso académico. Reservouse un papel fundamental ao traballo de montaxe, no que se conxugan a metraxe atopada, que nos axuda a afondar na historia do cinema e na memoria, e imaxes gravadas exprofeso para o proxecto: imaxes en Súper 8, imaxes de viaxes a lugares que gardan relación coa bagaxe literaria dos personaxes, imaxes gravadas en formato dixital.

Con este filme imos preguntarnos como poden a literatura, o cinema e as imaxes axudarnos a vivir, como poden facernos máis libres; imos interrogarnos tamén sobre a importancia da imaxinación na vida cotiá e sobre como pode transmitirse a alta cultura dunha forma que non sexa elitista. Por último, imos formular unha reivindicación; unha reivindicación das letras que é, á vez, unha homenaxe a estas mulleres que se ocupan de preservalas nun acto de resistencia.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Mi libro madre,  
mi libro monstruo,*  
Kate Zambreno.  
La uña rota, 2022

*Matilda,*  
Roald Dahl.  
Alfaguara, 2014

*La hermana menor.  
Un retrato de Silvana*  
*Ocampo,*  
Mariana Enríquez.  
Anagrama, 2018